



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Bases reguladoras da convocatoria da XVI mostra de teatro afeccionado do concello de Sada, premios Lugrís Freire 2022*

##### ANUNCIO

Coa data do 15/07/2022 aprobáronse por resolución da alcaldía as seguintes bases reguladoras da convocatoria da XVI mostra de teatro afeccionado do concello de Sada, premios Lugrís Freire 2022:

#### <<BASES REGULADORAS DA XVI MOSTRA DE TEATRO DE SADA, PREMIOS LUGRÍS FREIRE 2022

##### ARTIGO 1. OBXECTO

A Mostra de Teatro do Concello de Sada pretende fomentar a cultura en xeral e as artes escénicas. Configúrase como cita anual na que se presentan os traballos de compañías de teatro afeccionado para impulsar e favorecer a participación popular na cultura e promover o teatro como fonte de enriquecemento para os veciños de Sada.

Este Certame intenta achegar máis o Teatro á poboación aportando unha mostra do panorama do teatro afeccionado que se fai en Galicia e na medida en que se inscriban as compañías foráneas e saian seleccionadas, tamén dende outras comunidades autónomas.

A Mostra pretende servir de estímulo e fomentar a participación cidadá activa que atopa unha canle estable a través da Escola Municipal de Teatro de Sada.

La cía Municipal de Teatro de Sada terá nesta Mostra un espazo no que facer a estrea das súas obras, sendo unha plataforma axeitada para outros grupos de teatro afeccionado de Sada.

##### ARTIGO 2. REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

2.1. Poderán concursar grupos de Teatro Afeccionado presentando a concurso o número de obras que desexen, das que só poderá seleccionarse unha.

2.2. As obras poderán ser representadas en calquera idioma sempre que sexa aceptado pola comisión de selección.

2.3. Poderán participar cías interesadas independentemente da súa procedencia ou da súa participación en edicións anteriores da Mostra.

2.4. Non se aceptarán a concurso obras xa escollidas e representadas en edicións anteriores deste certame.

2.5 Será por conta dos grupos participantes a obtención da autorización do autor da obra. Os dereitos de representación das obras correrán a cargo do Concello de Sada.

##### ARTIGO 3. PRESENTACIÓN E SOLICITUDES DE INSCRICIÓN

3.1. A inscrición das obras presentadas realizarase polo representante autorizado/a da cía. A inscrición farase mediante a presentación do ANEXO I destas Bases, no que constarán datos sobre a obra e a compañía ou grupo.

3.2. Será imprescindible presentar xunto coa inscrición, un vídeo do espectáculo completo en formato DVD que será utilizado para as tarefas de selección e visualizalo pola comisión e asesores; se as cías o solicitan, será devolto por correo postal.

3.3. Poderase substituír dito vídeo por un enlace WEB de calidade que permita a visualización da obra completa. Non serán admitidos avances ou trailers da obra.

3.4. Xunto a inscrición presentárase toda a documentación posible da cía:

Hª do grupo

Críticas de prensa

Certames aos que concorreu

Fotografías a cor do espectáculo

Plano de luces e necesidades técnicas

Cartes anuncio da obra e programas de man

3.5. A inscrición das obras presentarase no Rexistro do Concello de Sada de xeito presencial ou de xeito telemático; tamén poderá presentarse no Rexistro de calquera órgano administrativo pertencente a Admón. Xeral do Estado, no de calquera Admón. da Comunidade Autónoma ou nas oficinas de Correos. Neste último caso o envío deberá dirixirse a:

XVI MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO CONCELLO DE SADA

CONCELLO DE SADA

AVD. DA MARINA Nº 25 15160 SADA. CORUÑA

(Horario de rexistro : luns a venres de 9 a 14 h)

3.6. Habilitarase una conta de correo electrónico para consultas e dúbidas: cultura@sada.gal o casacultura@concello-desada.com

#### **ARTIGO 4. PRAZO DE INSCRICIÓN**

As obras interesadas en participar na Mostra terán un prazo de 30 días naturais dende o día seguinte ao de publicación no BOP

#### **ARTIGO 5. SELECCIÓN**

5.1. A selección das obras realizarase por unha comisión formada por persoas nomeadas pola Concellería de Cultura do Concello de Sada: poderán estar nesta comisión o persoal docente e participantes da cía Municipal e da Escola Municipal de Teatro de Sada.

5.2. A comisión de selección propondrá unha lista de 6 espectáculos que formarán o cartel da **XVI MOSTRA DE TEATRO DE SADA, PREMIOS LUGRÍS FREIRE 2022**

5.3. A dita selección realizarase con base en criterios artísticos de posta en escena e calidade interpretativa e do texto.

5.4. As cías seleccionadas aportarán declaración responsable de non estar incursas en ningunha das causas de exclusión previstas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (Anexo III).

5.5. Para poder facer efectivo o ingreso dos premios, as cías finalmente seleccionadas deberán aportar un xustificante bancario dun núm. de conta do que sexan titulares para o ingreso dos importes correspondentes aos premios descritos no ARTIGO 7.

#### **ARTIGO 6. XURADO**

A Concellería de Cultura propondrá un xurado que nomeará a Alcaldía e que non terá por que estar formado polas mesmas persoas encargadas da selección das obras a concurso: poderá formarse por profesionais e persoas do mundo do Teatro e por representantes do concello de Sada.

#### **ARTIGO 7. PREMIOS**

Establécense os seguintes premios:

7.1. Un premio de 800€ para as cías seleccionadas para a fase de representación da Mostra; as cías seleccionadas perderán o dereito a recibir este premio se non fose posible representar as obras nalgunha das datas dispoñibles para o certame, sendo substituídas pola seguinte mellor valorada.

7.2 Un premio de 400€ ao mellor espectáculo escollido polo xurado con base en criterios artístico e de calidade do texto, posta en escena, escenografía, vestuario, iluminación e son.

7.3. Un premio de 400€ ao mellor espectáculo escollido polo público, mediante puntuación media acadada na votación que se organizará tras cada función.

7.4. Haberá un recoñecemento do xurado á mellor actriz/actor valorándose a expresión corporal, a proxección da voz, a dicción, a construción da personaxe. O premio será recoñecido cun diploma e coa figura do trofeo oficial dos premios Lugrís Freire.

#### **APUNTAMENTO**

Os grupos participantes con domicilio social en Sada non serán incluídos nos premios outorgados polo público (por razóns obvias).

**ARTIGO 8. MEDIOS TÉCNICOS**

O Concello de Sada porá a disposición dos grupos seleccionados o material de iluminación e son detallado:

Técnico de sala

Truss eléctricos con 4 varas (1 para focos frontais con 12 circuítos, 1 cenital con 6 circuítos, unha contra de 6 circuítos e unha contra de 12 circuítos

Focos: 2 recortes, Strong Harmony, 14 pc Strong e Nota (1000kw e 1200 kw) 4 PAR (en lentes núm. 1 ou núm. 5)

2 módulos dimmer Samson de 12 canles dobres cada un

1 mesa de luces ETC1296 de 48 canles

Mesa de son de 8 canles

Reprodutor CD Samson e DVD TASCAM

Amplificador e equipo de PA con 2 caixas de 500W ampliáveis a 4

Caixa negra (sen pano de boca de escena)

Cada cía deberá traer os filtros necesarios para a iluminación da súa obra.

A organización prevé a posibilidade de completar a dotación técnica descrita de ser o caso de que se considere necesario, coordinando cos grupos as necesidades da montaxe.

**ARTIGO 9. PRESENTACIÓNS**

9.1. As representacións realizaranse no auditorio da Casa da Cultura Pintor Lloréns

9.2. As tarefas de carga e de descarga, así como a montaxe e o desmonte de decorados, etc. serán realizadas pola cía.

**ARTIGO 10. DATAS**

As funcións de presentación das obras na XVI Mostra de Teatro do Concello de Sada terán lugar os seguintes días: 2, 9, 16, 23, 29 e 30 do mes de outubro do 2022, fixándose o domingo 30 como a data da Gala de Clausura e entrega de premios.

Sempre que sexa posible a gala pecharase coa estrea da última obra da cía Municipal de Teatro do Concello de Sada.

**NOTA**

En caso de no ser posible encher as datas sinaladas por falta de dispoñibilidade das cías seleccionadas, poderá buscarse outra combinación, sempre as fins de semana de outubro.

De ser o caso de que non sexa posible encaixar a actuación dalgunha cía seleccionada, esta caerá da lista deixando paso á seguinte con mellor valoración.

**ARTIGO 11. CONFORMIDADE**

Todos os participantes, polo mero feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

**ARTIGO 12. ÓRGANO COMPETENTE**

O órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do procedemento derivado das presentes bases será a Alcaldía>>.

Sada, o 15 de xullo do 2022

O alcalde, Óscar Benito Portela Fernández

2022/4393